

PROTOCOLO DE VACINACIÓN DE LINGUA AZUL POR PERSOAL VETERINARIO PRIVADO

REV 1 1/08/2023

1.- INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

En febreiro 2023 foron detectados animais bovinos positivos ao serotipo 4 do virus da Lingua Azul (LA) en 4 explotacións sentinelas dos concellos de Castro Caldelas e Sarreaus na provincia de Ourense e de Fornelos de Montes e As Neves na provincia de Pontevedra.

A Orde APA/1251/2020, de 21 de decembro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, modificada por Resolución do 20 de febreiro de 2023 da Dirección General de Sanidad de la Producción Agraria del Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (MAPA), establece a obrigatoriedade de vacinación fronte ao serotipo 4 do virus da lingua azul dos animais bovinos e ovinos maiores de 3 meses nas zonas restrinxidas (en diante ZR) contempladas no anexo I parte B da orde. Na Comunidade Autónoma de Galicia están incluídas neste anexo os seguintes territorios:

-Provincia de Ourense: todo o territorio

-Provincia de Pontevedra: todo o territorio

-Provincia de Lugo: os concellos incluídos nas comarcas veterinarias de Chantada (Chantada, Carballedo e Taboada), Sarria (Láncara, O Páramo, Paradela, Sarria, Triacastela, Samos e O Incio) e Terra de Lemos-Quiroga (O Saviñao, Bóveda, Pantón, Sober, Monforte de Lemos, A Pobra de Brollón, Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil).

Posteriormente nunha modificación da citada orde do día 10.07.2023, establécese como **zona de vacinación voluntaria o resto do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia**. Nesta zona de vacinación voluntaria as persoas titulares de explotacións de gando bovino ou ovino localizadas fóra da zona restrinxida poderán voluntariamente solicitar a vacinación dos seus animais.

Son **especies sensibles á LA os ruminantes domésticos e silvestres**. Porén, a efectos de **vacinación** e de cumprimento de **requisitos de movemento**, as especies de aplicación son **unicamente bovinos e ovinos**.

A LA transmítese unicamente a través da picadura de mosquitos do xénero *Culicoides spp*, que están presentes no ambiente dependendo da época do ano, basicamente hai un período nos meses máis fríos onde non circula o mosquito (**Período estacionalmente libre de mosquito, PEL**) e outros meses onde si circula (**Período de circulación de mosquito**). No presente ano 2023, a data de finalización do PEL estableceuse no 19 de abril e se estima que se manteña ata o mes de decembro 2023.

De acordo con isto, as condicións a cumprir respecto ao movemento pecuario e as medidas de bioseguridade para evitar o contacto de animais de especies sensibles co mosquito vector transmisor dependen da época do ano nos que se produzan.

Durante o período libre de vector, os animais ruminantes poderán trasladarse dentro do territorio peninsular cumprindo como único requisito que non mostren signos clínicos compatibles coa lingua azul o día do transporte.

Durante o período de circulación de vector, para os movementos con orixe en explotacións incluídas na ZR aplícanse, para os bovinos e ovinos, as condicións sinaladas no artigo 4 da Orde, que se resumen en:

- Os animais non mostren signos clínicos compatibles coa LA o día do transporte
- Os animais deben proceder de explotacións vacinadas.
- Os animais maiores de 4 meses deben estar vacinados fronte ao serotipo 4 e se son menores de 4 meses deben ser fillos de nais vacinadas.
- Os medios de transporte deben ser desinsectados antes da carga.

Os catro requisitos son incluíntes e segundo a Orde APA/1251/2020 aplican tanto a movementos para vida como para sacrificio en matadoiro e tanto para movementos dentro da ZR de Galicia como para movementos fóra da ZR de Galicia e resto do territorio do Estado.

A vacinación de bovinos e ovinos ademais dun requisito de obrigado cumprimento para o movemento pecuario destas especies en período de circulación do vector é a ferramenta máis efectiva para a contención do avance da enfermidade a outros territorios e final erradicación da mesma.

Polo tanto foi necesario realizar unha vacinación inicial masiva e inmediata que a Consellería do Medio Rural acometeu dende o 7 de marzo 2023 e con finalización prevista o 30 de xuño, seguida dunha vacinación de continuidade destinada aos novos animais bovinos e ovinos que a precisen.

Nestes momentos, polo indicado anteriormente, é necesario realizar esta **vacinación de continuidade en gando bovino e ovino non vacinado** (animais que eran menores de 3 meses ou non foron vacinados por outras circunstancias no momento da vacinación inicial masiva ou foron incorporados ás explotacións a posteriori desta, así como animais vacinados e que precisarán a revacunación anual prescrita (nos anos 2024 e 2025).

2. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN

A vacinación do gando bovino ou ovino fronte á Lingua azul por parte de veterinarios clínicos debe ser previamente autorizada pola Consellería do Medio Rural.

As persoas veterinarias interesadas deberán solicitar a autorización por medios electrónicos mediante a cobertura do formulario PR004A obtido na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>) e dirixido á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

No formulario PR004A deberá anexarse:

- Documento **Solicitud autorización vacinación lingua azul (Anexo I)** cuberto en todos os campos requiridos que inclúe, entre outros, unha declaración en relación á dotación de medios materiais adecuados para levar a cabo a vacinación e o mantemento en

todo momento da cadea de frío que precisa a conservación da vacina así como a indicación da Oficina Rural (OR) de referencia que deberá ser única, e a provincia/s ou concellos/s onde se prevé realizar a vacinación.

A autorización por parte da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias seralle comunicada á persoa solicitante a través do sistema Notifica.gal.

Cada persoa veterinaria autorizada disporá dun código numérico que lle identifica individualmente no rexistro de persoal veterinario relacionado coa CMR (base de datos de gandería-SIGAN e base de datos de "terceiros" de REAGA). Así mesmo, este código será necesario para que a persoa poda rexistrarse na aplicación FICADI móbil e rexistrar as vacinacións que leve a cabo.

3. ENTREGA DE MATERIAL E XESTIÓN DOCUMENTAL

A OR de referencia da Consellería do Medio Rural indicada polo veterinario/a será o punto de contacto, tanto para a recollida da vacina e outro material que fora preciso, como para a entrega de calquera documentación ou a comunicación ao servizo veterinario oficial (SVO) de calquera incidencia que sucedera relacionada coa aplicación da vacina.

A Consellería do Medio Rural subministrará gratuitamente ao persoal veterinario clínico autorizado o seguinte material:

- vacina (vias de 80 ml ou 200 ml)
- crotais redondos azuis coa lenda GZ (para identificación de ovinos < 12 meses con destino a sacrificio, que non teñen obriga de identificación individual con crotal)

Unha vez autorizado, o persoal veterinario deberá presentar na OR de referencia unha solicitude do material que precise (**Solicitud de material vacunación lingua azul-Anexo II**) previsto para uso durante un período aproximado de dúas semanas e a preferencia de vias (de 80 ml ou de 200 ml) en función do número de animais previstos a vacinar en cada xornada de vacinación durante ese período

Nota: a solicitude inicial de material poderá realizarse simultaneamente á presentación da solicitude de autorización (PR004A).

O SVO da OR contactará co persoal veterinario solicitante para que proceda á recollida do material. O documento Anexo II será asinado por ambas partes e selado polo SVO. O orixinal deste documento conservarase na OR, e entregarase unha copia á persoa que recolla o citado material.

Na OR levarase informaticamente un rexistro e arquivado dos sucesivos documentos de solicitude de material entregado se os houbera (vacinas, crotais...) co fin de manter o control e trazabilidade completa (número de vias e formato, lote, caducidade, nº de crotais azuis GZ...) do dito material.

Solicitudes sucesivas de material

No caso de existir sucesivas peticións de material, o persoal veterinario actuante remitirá á OR por correo electrónico un novo **Documento solicitude de material vacunación lingua**

azul- Anexo II. Na OR realizaranse as comprobacións oportunas en relación ao material xa entregado e comprobando as correspondencias cos rexistros de vacinación realizados.

Xestión interna polo persoal da CMR

Na OR levarase informaticamente un rexistro e arquivado dos sucesivos documentos de solicitude de material entregado se os houbera (vacinas, crotais...) co fin de manter o control e trazabilidade completa (número de viais e formato, lote, caducidade, nº de crotais azuis GZ...) do dito material.

4.- ACTUACIÓN EN CAMPO

Componse dos seguintes puntos:

- 1. Actuacións previas**
- 2. Vacinación**
- 3. Rexistro en FICADI**
- 4. Cobertura libro rexistro explotación (só en gando ovino)**
- 5. Cobertura libro rexistro medicamento veterinario**

4.1. ACTUACIÓNS PREVIAS

A vacinación realizarase unicamente sobre animais correctamente identificados coas marcas oficiais (crotais oficiais).

O persoal veterinario informará á persoa responsable da explotación, no momento de comunicarlle a data da visita para vacinar:

- que se asegure de que previamente o gando estea correctamente identificado (con marca auricular visual + marca auricular electrónica (ou bolo no caso de explotacións autorizadas para o uso do bolo)) e que no caso de detectar perdas de marcas auriculares solicite os duplicados á maior brevidade posible.
- que no caso de que se vaian vacinar animais incorporados dende outras explotacións, estes deberán estar xa dados de alta na súa explotación (comunicación de entrada ás bases de datos da Consellería do Medio Rural).
- **Que en todos os casos, é necesario que os animais reprodutores ou futuros reprodutores estean incorporados á base de datos de identificación ovina da CMR.**

No caso de vacinación de gando ovino futuro reprodutor, este deberá igualmente estar identificado individualmente para proceder a súa vacinación.

No caso de vacinación de gando ovino con destino cebadeiro ou matadoiro antes dos 12 meses, estes animais non teñen obriga de estar identificados individualmente, polo que para identificalos como animais vacinados colocáraselles un crotal azul coa lenda GZ LA facilitado pola OR.



4.2. VACINACIÓN

As vacinas deberán transportarse ás explotacións sen perda da cadea de frío (2-4 °C) e programando o número de animais a vacinar diario para que dentro do posible se utilicen viais enteiros (a presentación de Syvazul®-BTV 4 é en viais de 80 ml e 200 ml), evitando así os cambios de temperatura e o desperdicio do produto.

Deberán vacinarse os **animais bovinos e ovinos maiores de 3 meses sen síntomas clínicos da lingua azul**. En caso de detectar síntomas compatibles o persoal veterinario deberá poñelo en coñecemento do SVO de forma inmediata.

Vacinaranse a totalidade dos animais presentes na explotación susceptibles de ser vacinados (maiores de 3 meses).

Co fin de evitar posibles interferencias medicamentosas, a vacinación débese aplicar na medida do posible de xeito independente a outras vacinacións.

Vacina empregada en Galicia e pauta de aplicación:

LABORATORIO	NOME COMERCIAL	ESPECIE	VÍA	DOSE	PAUTA DE PRIMOVACINACIÓN
SYVA	Syvazul® BTV 4	Bovino	Intramuscular	4 ml	Dúas doses separadas 21 días
SYVA	Syvazul® BTV 4	Ovino	Subcutánea	2 ml	Unha dose única

Tras a primovacinação, os animais deben revacinarse anualmente (dous anos máis) cunha única dose en ambas especies.

4.3. REXISTRO DE VACINACIÓN

→ É obrigatorio que os datos de vacinación dos animais consten rexistrados nas bases de datos informáticas oficiais estatais de identificación animal e de movemento pecuario, como condición imprescindible para posibilitar os movementos dos animais. Polo tanto é **absolutamente necesario que as vacinacións en campo sexan trasladadas ás bases de datos informáticas da Consellería do Medio Rural o máis rápido posible**.

Grabación da actuación en FICADI

Todas as vacinacións realizadas deben rexistrarse na aplicación FICADI móbil, que debe estar instalada nun smartphone de uso persoal do veterinario/a actuante con sistema operativo Android (**non existe de momento versión para outros sistemas operativos**) e con acceso a Internet. Esta aplicación, introducindo o código REGA correspondente, descarga ao smartphone os códigos de identificación dos animais presentes nesa explotación nesa data.

Na aplicación, no apartado "Actuacións persoal veterinario clínico>Tratamentos", marcaranse todos os animais vacinados. elixindo como medicamento administrado Syvazul®- BTV 4, que é o único tratamento que aparecerá por defecto. O rexistro de vacinación vólcase automaticamente ás bases de datos da CMR.

No caso de gando ovino sen obriga de identificación individual (<12 meses destino matadoiro), indicarse unicamente na aplicación FICADI o número de animais vacinados.

En próximas datas (avisarase cando sexa posible) a gravación da aplicación da vacina tamén poderá realizarse a través da aplicación FICADI-Web nun ordenador persoal.

Ao persoal veterinario actuante entregaráselle previamente un Manual de usuario desta funcionalidade na aplicación FICADI Android, **así como unha copia deste procedemento.**


Actuacións no caso de imposibilidade de rexistro a través de FICADI

Por causas diversas (fallo de conexión, actualizacións da aplicación, etc) é posible que non se poida realizar a grabación da vacinación en FICADI-móbil.

Supostos:

a) O gandeiro/a dispón de dotación informática

Para facilitar o traballo en campo, na comunicación previa do veterinario/a ao gandeiro/a da data prevista de vacinación, deberá indicarlle que previo á actuación, o gandeiro/a debe obter da función "**Censo a unha data**" da aplicación OVGAN, un arquivo Excel denominado "Censo a data", que contén os códigos de identificación individual dos animais presentes na explotación nesa data e no que consta información de si o animal xa foi previamente vacinado e a data de vacinación, co fin de evitar a vacinación de animais previamente vacinados.



Ese arquivo, que contén os seguintes campos, debe ser remitido por correo electrónico ao veterinario/a actuante previo á visita á explotación

<u>Crota/NPU</u>	<u>Especie</u>	<u>Sexo</u>	<u>Raza</u>	<u>Nacemento</u>	<u>Expl. Nacem.</u>	<u>Crota da nai</u>	<u>Data vacinación lingua azul</u>
------------------	----------------	-------------	-------------	------------------	---------------------	---------------------	--

b) O gandeiro/a non dispón de dotación informática

O veterinario/a actuante poderá solicitar á súa OR de referencia o dito arquivo Excel "Censo a data" actualizado ao día da actuación prevista ou ao día anterior.

En ambos supostos a) ou b) o persoal veterinario que realice a vacinación engadirá previamente á visita no arquivo Excel de cada explotación as seguintes columnas:

Data vacinación 1ª dose 2ª dose Revacunación Incidencias

e o levará impreso en papel á explotación de actuación como **documento de traballo** para facilitar a identificación dos animais a vacinar e o rexistro das vacinas aplicadas ou outra información relevante.

Cobertura do documento "Censo a unha data":

Na explotación **cubrirase manualmente neste documento a data de vacinación e un X** segundo corresponda á 1ª ou 2ª dose (no caso de gando bovino) ou revacunación (non procede no presente ano 2023, sería para o 2024, salvo casos de animais vacinados en anos anteriores que foran incorporados na explotación procedentes doutras zonas restrinxidas ao serotipo 4).

Se houbera algún animal na explotación non rexistrado no documento de traballo, susceptible de vacinación (por que o gandeiro/a non o dera aínda de alta na súa explotación), aplicaráselle a vacina e anotarase o código de identificación manualmente no dito documento.

Neste caso, informarase ao gandeiro/a que a comunicación á CMR da alta da res na explotación **deberá realizala de inmediato, no mesmo día da vacinación**, pois se a res non figura incorporada informaticamente na súa explotación, non será posible gravar a vacinación aínda que figure nos arquivos que o veterinario/a envíe á CMR (correo: ruminantes.cmr.scc@xunta.gal) para a súa carga.

Exemplo de cobertura das columnas de vacinación do documento en papel:

	<u>Crota/NPU</u>	<u>Especie</u>	<u>Sexo</u>	<u>Raza</u>	<u>Nacemento</u>	<u>Expl. Nacem.</u>	<u>Crota da nai</u>	<u>Data vacinación lingua azul</u>	<u>1ª dose</u>	<u>2ª dose</u>	<u>Revacunación</u>	<u>Incidencias</u>
3	ES021100526321	Bovino	Femía	RUBIA GALEGA	22/05/2023	ES360123450001		15/07/23	X			
4	ES000000000001	Bovino	Femía	RUBIA GALEGA	23/06/2022	ES360123450001						
5	ES000000000002	Bovino	Femía	RUBIA GALEGA	02/09/2022	ES360123450001						
7	ES000000000003	Bovino	Macho	RUBIA GALEGA	04/09/2022	ES360123450001		16/07/23		X		
3	ES000000000004	Bovino	Vaca	RUBIA GALEGA	25/06/2018	ES360123450001						
3	ES000000000005	Bovino	Vaca	RUBIA GALEGA	10/09/2019	ES360123450001		16/07/23	X			

c) Rexistro manual

Aplicable nos casos de vacinación dun número reducido de animais (explotacións con censos bovinos ou ovinos reducidos).

Neste caso anotarase nun documento "Censo a unha data" en papel, en branco (sen datos de animais precargados) os mesmos campos existentes que nos supostos a) e b) anteriores.

Traslado de información á CMR

→ **En calquera suposto a), b) ou c) o arquivo Excel "Censo a unha data"** (que incluírá no seu caso os datos dos animais que se rexistraran manualmente en campo) **deberá enviarse correctamente cuberto ao correo electrónico da OR de referencia e máis ao correo electrónico ruminantes.cmr.m.sccc@xunta.gal** o antes posible e sempre no prazo máximo de 5 días dende a data de vacinación.

Tendo en conta que na vacinación en campo interveñen distintas persoas, é preciso que a información de vacinación **se traslade ás bases de datos oficiais coa maior inmediatez posible**, co fin de que os animais queden rexistrados como vacinados e evitar posibles duplicidades de actuación por outros veterinarios/as.

Cada arquivo enviado estará nomeado como sigue:

DATA_NIF (do veterinario/a)_REGA

Exemplo: 20230723_12345678A_ES360110011101

4.4.- COBERTURA DO REXISTRO DE VACINACIÓN NO LIBRO DE EXPLOTACIÓN

Só realizárase no caso de vacinación de gando ovino no que non é obrigatoria a indentificación oficial individual (años con destino matadoiro antes de cumprir os 12 meses).

No libro en papel que debe achegar o gandeiro/a, no apartado "Folla de balance" ou "Rexistro doutros censos", (segundo o formato do libro existente) anotarase a data, o motivo "Vacinación LA S4" e o número de animais vacinados sen indentificación individual. (con crotal azul Gz).

Nas explotacións que teñan libro de rexistro de explotación con formato electrónico, o gandeiro/a deberá telo impreso previamente e o veterinario/a anotará a vacinación no apartado Inspeccións e controis, segundo o indicado no parágrafo anterior).

Inspeccións e controis

Data	Motivo da Inspección	Nº acta	Autoridade competente que supervisou o rexistro	Asinado
------	----------------------	---------	---	---------

4.5.- COBERTURA DO REXISTRO DE VACINACIÓN NO REXISTRO DE TRATAMENTOS VETERINARIOS

Deben estar cubertos os campos: data, medicamento, veterinario/a, nº colexiado/a, identificación animal e data de vacinación (data inicio de tratamento). No campo provedor marcar veterinario/a, ao proceder do botiquín.

1	DATA:	RECEITA Nº:	MEDICAMENTO:			VETERINARIO:	Nº COLEX.:
	DOSE:	VIA ADMIN.:	DURACION:	dias	DIAGNOSTICO:	INDICACION:	
2	Identificación animal (individual de ser o caso)	Data inicio tratamento	Data fin tratamento	Cantidade medicamento utilizada efectiva.	Provedor do medicamento		
		/ /	/ /		Nome e enderezo	Veterinario/a (riscar se procede do seu depósito)	<input type="checkbox"/>

No caso de que na explotación se utilice un sistema informático de rexistro de tratamentos veterinarios, estes datos tamén deben quedar rexistrados no sistema.

5.- ENTREGA DOUTRA DOCUMENTACIÓN

O persoal veterinario actuante remitirá por correo electrónico á OR de referencia e ao correo ruminantes.cmr.m.sccc@xunta.gal, un parte de incidencias en explotación que sexan consideradas relevantes (*) en relación ás actuacións levadas a cabo, segundo o modelo **"Comunicación de incidencias en explotación gandeira" (Anexo III)**.

(*) Incidencias en identificación animal, reaccións adversas, falta de colaboración do gandeiro/a, malas condicións de animais ou instalacións...

6.- REACCIÓN ADVERSAS

No caso de que no transcurso ou inmediatamente tras a vacinación se producira algunha reacción adversa (choque anafiláctico ou similares) o persoal veterinario actuante debe realizar a comunicación a través do sistema de farmacovigilancia da Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios (AEMPS) cubrindo a **"Ficha verde" (Anexo IV)**.

Como información adicional, cómpre indicar que no caso de existencia de reaccións adversas con relación causal directa acreditable debida á vacinación de lingua azul, existe un procedemento de indemnización que pode ser solicitado polos gandeiros/as afectados cubrindo na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>) o formulario normalizado MR553C).

Santiago de Compostela 10 de agosto 2023

Servizo de Sanidade Animal

ANEXO I
(documento a achegar xunto ao formulario de solicitude PR004A)

DECLARACIÓN ANEXA Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A VACINACIÓN DE LINGUA AZUL - PERSOAL VETERINARIO PRIVADO	
1. DATOS DO PERSOAL VETERINARIO SOLICITANTE	
Nome e apelidos:	NIF:
Enderezo:	
Correo electrónico:	
Teléfono 1:	Teléfono 2:
Nº Colexiado/a:	
2. INFORMACIÓN	
Nome:	NIF:
Provincia/s ou concellos de vacinación:	
Oficina Rural de referencia:	
3. DECLARO QUE:	
<p>A vacina estará almacenada no meu botiquín veterinario.</p> <p>- Conto con medios técnicos para asegurar en todo o momento o mantemento da cadea de frío (2-4°C) tanto no almacenamento como no transporte das vacinas.</p> <p>- Conto con medios materiais adecuados para realizar a vacinación.</p> <p>- Non estar inhabilitado para o exercicio da profesión veterinaria.</p> <p>- Me comprometo a seguir as instrucións e recomendacións dos servizos veterinarios oficiais da Consellería do Medio Rural relacionadas coa unha adecuada execución da campaña de vacinación fronte a lingua azul en Galicia.</p> <p>- Me comprometo á comunicación dos datos de vacinación realizados, a través dos medios informáticos habilitados para tal fin pola Consellería do Medio Rural.</p> <p>- Dou o meu consentimento ^(*) para que a Consellería do Medio Rural facilite ás persoas gandeiras os meus datos de contacto como persoal veterinario autorizado para vacinar da lingua azul (nome e apelidos, teléfono e ámbito xeográfico de traballo) a través da Oficina Virtual de Gandaría (OVGAN), o portal web da Consellería ou nas súas Oficinas Rurais.</p> <p><input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON</p>	
<p><small>(*) As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, ou retirar no seu caso o consentimento outorgado, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos. Así mesmo, as persoas interesadas poderán retirar o consentimento previamente outorgado dirixindo a súa solicitude a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.</small></p>	
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE	
Lugar e data:	
Nome e apelidos:	

ANEXO II

DOCUMENTO DE SOLICITUDE DE MATERIAL - VACINACIÓN LINGUA AZUL	
PERSOAL VETERINARIO AUTORIZADO PARA A VACINACIÓN:	
NOME E APELIDOS: _____	
NIF: _____	Nº colexiado/a: _____
CENSO APROXIMADO A VACINAR:	
BOVINO _____ / OVINO _____	
Nº DE VIAIS POR FORMATO: 80 ml: _____ 200 ml: _____	
Nº TOTAL DOSES SOLICITADAS: _____	
OUTROS: Crotais GZ LA (vacinación ovino cebo < 12 meses): _____ Outro material (indicar): _____	
COMPROMISOS:	
a) En todo momento será mantida a cadea de frío, conservando as vacinas recibidas a temperatura entre 2 e 4 °C ata o momento da súa aplicación. b) As vacinas serán mantidas nos seus envases orixinais e protexidas da luz ata o momento da súa aplicación. c) Con obxecto de minimizar o desperdicio de doses por superar o período de validez da vacina unha vez aberto o envase, se adaptará o número de viais utilizados segundo a súa presentación, ao censo previsto de vacinación na xornada de traballo.	
MATERIAL ENTREGADO (a cubrir polo SVO)	
VACINAS:	
d) Vial 80 ml: _____ / Lote (s) _____	Data caducidade _____
e) Vial 200 ml: _____ / Lote (s) _____	Data caducidade _____
OUTROS:	
f) Nº de crotais GZ LA _____	
g) Outro material (indicar):.....	
OBSERVACIÓNS	
Nome e apelidos persoa solicitante	
Nome, sinatura e selo SVO	
Lugar e data:	

**ANEXO III
COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS EN EXPLOTACIÓN GANDEIRA-LINGUA AZUL 2023**

DATOS DE PERSOAL VETERINARIO AUTORIZADO	
NOME E APELIDOS:	
NIF:	Nº colexiado/a: _____

DATOS DA EXPLOTACIÓN:	
PERSOA TITULAR:	CÓDIGO REGA:
CONCELLO	PARROQUIA
LUGA	TELÉFONO
DATA	CORREO ELECTRÓNICO

Comunica a seguinte incidencia no desenvolvemento das actuacións de vacinación de lingua azul nesta explotación:

Non foron vacinados os seguintes animais, polas causas que se indican.....

Detectáronse as seguintes reaccións adversas (indicar sempre crotal individual):



Outras incidencias.....

Observacións.....

_____, a _____ de _____ de 20__.

Asdo.: _____

ANEXO IV FICHA DE COMUNICACIÓN DE REACCIONES MEDICAMENTOSAS ADVERSAS (FARMACOVIGILANCIA AEMPS)

 		CONFIDENCIAL Para uso exclusivo de la AEMPS Número de Referencia:														
SUBDIRECCION GENERAL DE MEDICAMENTOS DE USO VETERINARIO Fax: 91-832.54.43 Tel: 91-832.54.62 E-mail: ssmv@agmed.es Página Web: www.agmed.es																
IDENTIFICACION	NOMBRE Y DIRECCION DEL NOTIFICADOR		NOMBRE Y DIRECCION REF. DE LA EXPLOTACION DEL PACIENTE													
Problemas de Seguridad: <input type="checkbox"/> en humanos <input type="checkbox"/> en personas <input type="checkbox"/> Falta de Eficacia <input type="checkbox"/> Prob. Tiempos de Espera <input type="checkbox"/> Prob. Medicamentosales	<input type="checkbox"/> Veterinario <input type="checkbox"/> Farmacéutico <input type="checkbox"/> Otro Nombre: _____ Domicilio: _____ Teléfono: _____ E-mail: _____	DESCRIPCIÓN DE LA REACCIÓN (Problemas de Seguridad en humanos y en personas, Falta de la Eficacia esperada / Problemas con el Tiempo de Espera / Problemas Medicamentosales) - Por favor, detallar: Indicar también si la reacción ha sido tratada. ¿Cómo y con qué y cuál fue el resultado?														
PACIENTE(S) Animal(es) <input type="checkbox"/> Persona(s) <input type="checkbox"/> (en personas rellenar sólo la edad y el sexo)	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th>Especie</th> <th>Raza</th> <th>Sexo</th> <th>Estrado</th> <th>Edad</th> <th>Peso</th> <th>Razón del tratamiento</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>_____</td> <td>_____</td> <td> <input type="checkbox"/> Macho <input type="checkbox"/> Hembra </td> <td> <input type="checkbox"/> Castrado <input type="checkbox"/> Prepuber </td> <td>_____</td> <td>_____</td> <td>_____</td> </tr> </tbody> </table>			Especie	Raza	Sexo	Estrado	Edad	Peso	Razón del tratamiento	_____	_____	<input type="checkbox"/> Macho <input type="checkbox"/> Hembra	<input type="checkbox"/> Castrado <input type="checkbox"/> Prepuber	_____	_____
Especie	Raza	Sexo	Estrado	Edad	Peso	Razón del tratamiento										
_____	_____	<input type="checkbox"/> Macho <input type="checkbox"/> Hembra	<input type="checkbox"/> Castrado <input type="checkbox"/> Prepuber	_____	_____	_____										
MEDICAMENTO VETERINARIO ADMINISTRADO ANTES DE LA APARICION DE LA SUPUESTA REACCION ADVERSA (si se administraron más de 3 medicamentos simultáneamente, por favor duplicar este formulario)																
Nombre del medicamento veterinario	1	2	3													
Forma farmacéutica y concentración (gr: concentración de 100 mg)	_____	_____	_____													
Número de Registro	_____	_____	_____													
Número de Lote	_____	_____	_____													
Vía y lugar de administración	_____	_____	_____													
Dosis / Frecuencia (posología)	_____	_____	_____													
Duración del tratamiento / Exposición	_____	_____	_____													
Día de inicio	_____	_____	_____													
Día final	_____	_____	_____													
¿Quién administró el medicamento? (veterinario, propietario, otro)	_____	_____	_____													
¿Cree que la reacción se debe al medicamento?	Si <input type="checkbox"/> / No <input type="checkbox"/>	Si <input type="checkbox"/> / No <input type="checkbox"/>	Si <input type="checkbox"/> / No <input type="checkbox"/>													
¿Ha sido informado al Laboratorio?	Si <input type="checkbox"/> / No <input type="checkbox"/>	Si <input type="checkbox"/> / No <input type="checkbox"/>	Si <input type="checkbox"/> / No <input type="checkbox"/>													
FECHA DE LA SUPUESTA REACCION ADVERSA: _____ Tiempo transcurrido entre la administración del medicamento y la reacción en minutos, horas o días: _____ Nº animales tratados: _____ Duración de la reacción adversa en minutos, horas o días: _____ Nº animales con signos: _____ Nº animales muertos: _____																
OTRA INFORMACION RELEVANTE (adjuntar la documentación oportuna, p.e. Estudios realizados a su marcha, Informe médico, informes de necropsias)																
REACCIONES EN PERSONAS Si el caso se refiere a personas, por favor complete los datos que figuran más abajo.																
<input type="checkbox"/> Contacto con el animal tratado <input type="checkbox"/> Digestión oral <input type="checkbox"/> Expresión lágrima <input type="checkbox"/> Expresión ocular <input type="checkbox"/> Expresión por tos/carrizo <input type="checkbox"/> dedo <input type="checkbox"/> mano <input type="checkbox"/> articulación <input type="checkbox"/> otro <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> Otro (dibujando...)																
Dosis recibida: _____ Si se desea que su nombre y dirección se envíe al Laboratorio para recibir su más información, por favor indíquelo en este cuadro <input type="checkbox"/>																
Fecha: _____ Lugar: _____ Nombre y firma del notificador: _____																
Puntuo de contacto (teléfono) (si difiere del número utilizado en la primera página) _____																